

A auténtica emancipación non comeza nas urnas nin nos tribunais. Comeza na alma das mulleres.

EMMA GOLDMAN

Ensináronnos a ter medo á liberdade, medo a tomar decisións, medo á soidade. O medo á soidade é un grande impedimento na construción da autonomía.

MARCELA LAGARDE

Quen sabe o que as mulleres poderán chegar a ser cando, finalmente, sexan libres delas mesmas?

BETTY FRIEDAN

Todas estas mulleres falan sobre a necesidade de cambio interior das mulleres para poderen ser libres de construír as súas vidas. Unha das consecuencias da educación sexista é a "colonización interior", a interiorización de normas, desexos, expectativas, patróns afectivos,... que nos impiden desenvolver todo o noso potencial. Fai unha lista de medos e inseguridades, de cousas que non che gustan de ti mesma, e pensa onde as aprendiches, a quen llas oes, onde as les,... Fai a mesma listaxe de cousas que che gustan de ti. Que resulta máis doado, facer a primeira lista ou a segunda? Como pode afectar nas relacións afectivas unha baixa autoestima?

Relaciona as frases destas autoras co texto de Virginia Wolf do mes de agosto deste calendario, e reflexiona sobre a relación que pode ter coa data do 25 de Novembro.

NOVEMBRO

Hai moita tiranía disfrazada de protección.
Crystal Eastman

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
					2003 Morre Xela Arias, escritora e pioneira nos labores de tradución ao galego.	1928 Nace Luisa J. Hdez Lavalle, novelista mexicana. Premio Nal. de CC e Artes en 2002
3	4	5	6	7	8	9
1793 Olimpia de Gouges é guillotínada. "Os Dereitos da Muller e da Cidadá"	1868 Nace en Valga Carolina Otero Iglesias "La Bella Otero" raíña da Belle Époque europea	1952 Nace Vandana Shiva. Loitadora contra as sementes transxénicas. Ecofeminista	1936 Federica Montseny. 1ª muller Ministra do Goberno da II República	50.000 obreiras desfilan en Londres en 1905, contra o ministro Balfour	2003 Fina Hava Rexha, a muller máis anciá de Albania e do mundo, con 123 anos	1977 Rosalyn Susman Yalow recibe o Nobel de Fisioloxía e Medicina. Técnica de RIA
10	11	12	13	14	15	16
2005 Ellen Johnson, Presidenta de Liberia, primeira xefa de Estado dun país africano	A Dra. en Física Inmaculada Paz Andrade, primeira muller Premio Galiza de Investigación.	1651 Nace Sor Juana Inés de la Cruz, escritora. Destacada intelectual da súa época	Ás mulleres mariscadoras e ás outras que, como Rosa, viven e morren polo Mar	1985 Nace en Mallorca Elena Gomez Servera, Campioira do mundo de Ximnasia Artística	1978 Morre Margaret Mead, antropóloga. Estudos sobre as sociedades non industriais	1949 Nace Amelia Valcárcel, filósofa, feminista. Premio Miguel de Cervantes
17	18	19	20	21	22	23
1878 Nace Lisa Meitner. Colaborou no descubrimento da fisión.	1940 Nace, Margaret Atwood, a mellor escritora canadiana de lingua inglesa	1933 As mulleres españolas participan por 1ª vez nunhas eleccións democráticas	1941 Xulia Minguillón gaña o premio nacional de BB.AA. con "A escola de Doloriñas"	1922 Nace María Casares, actriz de orixe galega, exiliada despois da Guerra Civil	1990 Dimite Margaret Thatcher como Primeira Ministra do Reino Unido	1961 Nace Mila Ramos, poeta e cofundadora de Mulleres en Zona de Conflitos -MZC-
24	25	26	27	28	29	30
1998 Falece Maruxa Villanueva, "raíña do alalá". Colaborou activamente a favor da República.	Día Internacional para a eliminación da violencia contra as Mulleres	1892 Nace en Menorca, Margarida Comas i Camps, científica e teórica da educación	1852 Morre Ada Byron. Escribiu o primeiro programa matemático para unha computadora	1922 Cándida Rodríguez, "Mártir de Sobredo", é asasinada nas loitas pola abolición dos foros.	1832 Nace Louisa May Alcott, escritora estadounidense. Escribe "Mullercriñas"	1938 Nace Margarita Salas, bióloga molecular. Integrante da RAE